



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

ACTA DA SESIÓN DO PLENO DO CONCELLO DE CARRAL (A CORUÑA) Nº 6/2021, EXTRAORDINARIA, REALIZADA O MÉRCORES 07 DE XULLO DE 2021 .

ASISTENTES

Presidente:

Sr. Alcalde FRANCISCO JAVIER GESTAL POSE (AdV)

Concelleiros/as:

Grupo municipal da AdV de Carral

SUSANA GUIMAREY GARCÍA

FRANCISCO JAVIER BELLO HERMIDA

RUBÉN ANTONIO CAAMAÑO RODRÍGUEZ

MARÍA MERCEDES CARIDAD LÓPEZ

Grupo municipal do PP

JOSE LUIS FERNANDEZ MOURIÑO

MARGARITA RAMILO VARELA

CARLOS BARBEITO REY

DAVID FERNÁNDEZ BALSEIRO

Grupo municipal do PSdeG-PSOE

JESUS JAVIER CETINA MOCHALES

LUCÍA VÁZQUEZ MOURIÑO

Concelleira non adscrita

FLORINDA DUARTE GERPE

Interventora do Concello

NOEMI GONZALEZ MATO

Secretaría Accidental do Concello:

SONIA CAMPOS ARES

Non asiste:

PABLO COUTO LOPEZ

HORA DE INICIO: 10:00

HORA DE REMATE: 10:12

No Salón de Plenos do Concello, sendo as 10:00 do mércores 07 de xullo de 2021, tras convocatoria efectuada polo señor Alcalde, mediante decreto do 02 de xullo de 2021 e, tendo en conta a necesidade de resolver os asuntos indicados na orde do día nos prazos esixidos nos correspondentes procedementos, reúnen-se en sesión 6/2021, extraordinaria, e en primeira convocatoria, os señores/as corporativos/as expresados/as con anterioridade, procedéndose a abrir o acto, unha vez comprobada polo Secretario a existencia do quórum necesario para a válida constitución do órgano, para deliberar, no seu caso, e adoptar os correspondentes acordos sobre asuntos incluídos na seguinte



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

ORDE DO DÍA

- 1.- Solicitud á Deputación Provincial da Coruña dunha subvención nominativa para o financiamento das obras "Reforma de Pistas Deportivas na rúa Paleo no Concello de Carral".
- 2.-Proposta da Alcaldía ao Pleno Aprobación definitiva do Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os incendios Forestais no Concello
- 3.- Proposta da Alcaldía ao Pleno da denominación da "Senda Peonil e ciclista na N-550 entre Taebaio a Carral"

1.- Solicitud á Deputación Provincial da Coruña dunha subvención nominativa para o financiamento das obras "Reforma de Pistas Deportivas na rúa Paleo no Concello de Carral".

No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno, do 29 de xuño de 2021, como segue:

"PROPOSTA AO PLENO

Asunto: Solicitud á Deputación Provincial da Coruña dunha subvención nominativa para o financiamento das obras " Refoma de Pistas Deportivas na rúa Paleo no Concello de Carral".

Logo de ver o Anteproxecto "Reforma de pistas deportivas en la rúa de Paleo en el Concello de Carral" asinado dixitalmente o 22 de febreiro de 2021, polo arquitecto municipal Félix Alberto Quijano Yáñez.

Vista a memoria suscrita dixitalmente por esta alcaldía en data 14 de abril de 2021.

Vista a solicitude asinada dixitalmente pola alcaldía do Concello de Carral en data 14 de abril de 2021, remitida á Deputación da Coruña na mesma data.

Visto o informe da interventora municipal, con data de firma electrónica de 19 de abril de 2021, que se transcribe literalmente: "NOEMÍ GONZÁLEZ MATO, Interventora do Concello de Carral, en relación á solicitude de concesión, pola Excelentísima Deputación Provincial de A Coruña, dunha subvención nominativa para a realización da obra denominada Reforma de Pistas deportivas na Rúa Paleo (Concello de Carral) cun orzamento de execución por contrata de 112.105,79 € conforme o anteproxecto presentado polo arquitecto técnico municipal, D. Félix Alberto Quijano Yáñez,

CERTIFICA,

PRIMEIRO.- Que O Concello de Carral ten capacidade suficiente no orzamento de 2021, que é o prorrogado de 2020, para achegar a porcentaxe que deba soportar, sempre e cando esta sexa igual ou superior ao 70% do orzamento de execución por contrata. SEGUNDO.- Que se trata dun investimento financieramente sustentable (aínda que estean suspensas as regras fiscais durante os anos 2020 e 2021 polo acordo do Concello de Ministros de outubro de 2020 e nestes anos as IFS non ten virtualidade).

Carral, na data da sinatura dixital ao marxe.

A Interventora municipal,

Noemí González Mato "



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Visto o informe do arquitecto municipal sobre o anteproxecto, con data de firma electrónica de 05 de maio de 2021, que se transcribe literalmente: **INFORME TÉCNICO**

ASUNTO:

Solicitud de informe técnico sobre a compatibilidade urbanística do anteproxecto de " REFORMA DE PISTAS DEPORTIVAS NA RÚA PALEO, CONCELLO DE CARRAL", interesado pola secretaría do Concello.

INFÓRMASE:

I. Antecedentes.

Consta no expediente o proxecto de "REFORMA DE PISTAS DEPORTIVAS NA RÚA PALEO, CONCELLO DE CARRAL" redactado por Félix Quijano Yáñez, arquitecto do Concello de Carral, colexiado 3395.

II. Normativa de aplicación

☐ Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

☐ Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

☐ Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal de Carral (BOP. 26.04.1994), redactadas ao abeiro do Real Decreto Lexislativo 1/1992, do 26 de Xuño, Texto Refundido da Lei sobre o Réxime do Solo e Ordenación Urbana, e da Lei 11/1985, do 22 de Agosto, da Comunidade Autónoma Galega sobre a adaptación da do Solo a Galicia. Consta na Oficina Municipal exemplar facilitado pola Secretaría Municipal con dilixencia de aprobación de data 26.01.1994.

☐ Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia.

☐ Ordenanza municipal reguladora dos procedementos de intervención administrativa nos actos de uso do solo e do subsolo e no exercicio de actividades e apertura de establecementos.

☐ Lei 16/1985, de 25 de Xuño, do Patrimonio Histórico Español

☐ Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

☐ Decreto 449/1973, de 22 de Febreiro, polo que se colocan baixo a protección do Estado español os hórreos ou cabazos antigos en Asturias

☐ Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia

☐ Lei 37/2015, de 29 de setembro, de estradas.

☐ Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.

III. Consideracións técnicas e xurídicas.

a) Clasificación e cualificación do solo.

A parcela con referencia catastral 1966601NH5816N0001IF, segundo as Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal en vigor, está na delimitación de solo:

Solo Urbano do Núcleo de Carral. EA. Equipamento Sanitario.

En aplicación do réxime transitorio da Lei 2/2016 (LSG), para os municipios con planeamento non adaptado será de aplicación o disposto na Disposición transitoria primeira da Lei, e segundo o disposto no apartado "2.a) Ao solo urbano que reúna as condicións establecidas no artigo 17.a) desta lei, aplicaráselle o disposto nela para o solo urbano consolidado." A parcela conta con todos os servizos esixidos e polo tanto o solo estaría clasificado como solo urbano consolidado, e as condicións de uso son as establecidas na Ordenanza EA.

ORDENANZA EA.

Equipamentos sanitario-asistenciais: Centros asistenciais e sanitarios dedicados a gardarías, dispensarías, ambulatorios, residencias de anciáns, clínicas, hospitais xerais e centros hospitalarios.

En aplicación do punto III do Sistemas de equipamentos e dotacións sobre condicións de Uso, no seu apartado A), "No caso de determinarse na Ordenación Gráfica, un uso para un equipamento específico, este será o uso principal, sendo os demais complementarias."

Na parcela urbanística das NSMP, está o Centro de Saúde que resulta ser o uso principal da parcela, e polo tanto o resto dos usos de equipamentos e dotacións están permitidos.

b) Finalidade da actuación e uso.

O uso para o que se solicita autorización é para a reforma das pistas deportivas, o que é un uso de equipamento deportivo, polo que se compre coa normativa urbanística que lle resulta de aplicación.

c) Características da actuación.

As actuacións a levar a cabo serán polo tanto:



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Construción de un muro de formigón armado. Delimitar o perímetro das pistas de tenis coa construción dun muro de contención que á súa vez sirva como contención do noiro existente, posibilitando nun futuro o seu recheo.

Repavimentación das pistas con unha soleira de formigón armado,

Delimitación con **cerres das pistas de deporte**, reorganizando a zona, e mantendo só unha pista de tenis, incluíndo unha pista multideporte de 20 x 10 metros, deixando o resto libre, para outros usos deportivos.

Pintado das pistas, tanto a de tenis como a multideporte

Iluminación das pistas, proxectarase unha nova iluminación, con proxectores apoiados no novo muro de contención realizado, así como outras luminarias en báculos novos.

d) Orzamento

O Orzamento de Execución Material é de 77.856,65 euros e o Orzamento de licitación (IVE 21% incluído) é de 112.105,79 euros.

e) Autorizacións sectoriais:

O proxecto non precisa autorizacións sectoriais para a súa realización.

a) Disponibilidade dos terreos

Os terreos precisos son a parcela con referencia catastral 1966601NH5816N0001F, da que se xunta certificación catastral, na que figura a nome do Concello de Carral, e existe disponibilidad para a normal execución das obras pretendidas.

IV. Conclusións:

Polo tanto, e salvo opinión mellor fundada á que se somete o técnico que subscribe este informe; **infórmase favorablemente a compatibilidade urbanística do proxecto para a "REFORMA DE PISTAS DEPORTIVAS NA RÚA PALEO, CONCELLO DE CARRAL"**, nos termos indicados neste informe.

É todo canto temos a ben informar.

En Carral

O arquitecto do Concello

Félix Quijano Yáñez"

Logo de ver o "Proyecto de reforma de pistas deportivas en la rúa Paleo en el Concello de Carral" subscrito polo arquitecto técnico D. Diego Manuel Rivas Rodríguez (colegiado 1810 COAT) e asinado electrónicamente con data do 29 de xuño de 2021, cun orzamento total de execución por contrata de 112.105,79 euros (IVE ao 21% incluído).

Visto o informe do arquitecto municipal sobre o referido proxecto, con data de firma electrónica de 29 de xuño de 2021, que se transcribe literalmente: "**INFORME TÉCNICO**

ASUNTO:

Solicitud de informe técnico sobre a compatibilidade urbanística do anteprojecto de "REFORMA DE PISTAS DEPORTIVAS NA RÚA PALEO, CONCELLO DE CARRAL", interesado pola secretaria accidental do Concello.

INFÓRMASE:

I. Antecedentes.

Consta no expediente o proxecto de "REFORMA DE PISTAS DEPORTIVAS NA RÚA PALEO, CONCELLO DE CARRAL" redactado por Diego Manuel Rivas Rodríguez, Arquitecto técnico colexiado 1810 do COATAC e asinado dixitalmente o 29/06/2021.

II. Normativa de aplicación

☑ Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

☑ Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

☑ Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal de Carral (BOP. 26.04.1994), redactadas ao abeiro do Real Decreto Lexislativo 1/1992, do 26 de Xuño, Texto Refundido da Lei sobre o Réxime do Solo e Ordenación Urbana, e da Lei



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

11/1985, do 22 de Agosto, da Comunidade Autónoma Galega sobre a adaptación da do Solo a Galicia. Consta na Oficina Municipal exemplar facilitado pola Secretaría Municipal con dilixencia de aprobación de data 26.01.1994.

☐ Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia.

☐ Ordenanza municipal reguladora dos procedementos de intervención administrativa nos actos de uso do solo e do subsolo e no exercicio de actividades e apertura de establecementos.

☐ Lei 16/1985, de 25 de Xuño, do Patrimonio Histórico Español

☐ Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

☐ Decreto 449/1973, de 22 de Febreiro, polo que se colocan baixo a protección do Estado español os hórreos ou cabazos antigos en Asturias

☐ Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia

☐ Lei 37/2015, de 29 de setembro, de estradas.

☐ Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.

III. Consideracións técnicas e xurídicas.

a) Clasificación e cualificación do solo.

A parcela con referencia catastral 1966601NH5816N0001IF, segundo as Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal en vigor, está na delimitación de solo:

Solo Urbano do Núcleo de Carral. EA. Equipamento Sanitario.

En aplicación do réxime transitorio da Lei 2/2016 (LSG), para os municipios con planeamento non adaptado será de aplicación o disposto na Disposición transitoria primeira da Lei, e segundo o disposto no apartado "2.a) Ao solo urbano que reúna as condicións establecidas no artigo 17.a) desta lei, aplicaráselle o disposto nela para o solo urbano consolidado." A parcela conta con todos os servizos esixidos e polo tanto o solo estaría clasificado como solo urbano consolidado, e as condicións de uso son as establecidas na Ordenanza EA.

ORDENANZA EA.

Equipamentos sanitario-asistenciais: Centros asistenciais e sanitarios dedicados a gardarías, dispensarías, ambulatorios, residencias de anciáns, clínicas, hospitais xerais e centros hospitalarios.

En aplicación do punto III do Sistemas de equipamentos e dotacións sobre condicións de Uso, no seu apartado A), "No caso de determinarse na Ordenación Gráfica, un uso para un equipamento específico, este será o uso principal, sendo os demais complementarias."

Na parcela urbanística das NSMP, está o Centro de Saúde que resulta ser o uso principal da parcela, e polo tanto o resto dos usos de equipamentos e dotacións están permitidos.

b) Finalidade da actuación e uso.

O uso para o que se solicita autorización é para a reforma das pistas deportivas, o que é un uso de equipamento deportivo, polo que se compre coa normativa urbanística que lle resulta de aplicación.

c) Características da actuación.

As actuacións a levar a cabo serán polo tanto:

Construción de un muro de formigón armado. Delimitar o perímetro das pistas de tenis coa construción dun muro de contención que á súa vez sirva como contención do noiro existente, posibilitando nun futuro o seu recheo.

Repavimentación das pistas con unha soleira de formigón armado,

Delimitación con cerres das pistas de deporte, reorganizando a zona, e mantendo só unha pista de tenis, incluíndo unha pista multideporte de 20 x 10 metros, deixando o resto libre, para outros usos deportivos.

Pintado das pistas, tanto a de tenis como a multideporte

Iluminación das pistas, proxectarase unha nova iluminación, con proxectores apoiados no novo muro de contención realizado, así como outras luminarias en báculos novos.

d) Orzamento

O Orzamento de Execución Material é de 77.856,65 euros e o Orzamento de licitación (IVE 21% incluído) é de 112.105,79 euros.

e) Autorizacións sectoriais:

O proxecto non precisa autorizacións sectoriais para a súa realización.

f) Disponibilidade dos terreos



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Os terreos precisos son a parcela con referencia catastral 1966601NH5816N0001IF, da que se xunta certificación catastral, na que figura a nome do Concello de Carral, e existe dispoñibilidade para a normal execución das obras pretendidas.

IV. Conclusións:

Polo tanto, e salvo opinión mellor fundada á que se somete o técnico que subscribe este informe; infórmase favorablemente a compatibilidade urbanística do proxecto para a "REFORMA DE PISTAS DEPORTIVAS NA RÚA PALEO, CONCELLO DE CARRAL", nos termos indicados neste informe.

É todo canto teño a ben informar.
En Carral, o arquitecto do Concello
Félix Quijano Yáñez"

Vista a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación, artigo 16.2 apartado b que se transcribe literalmente "(...) b) Certificado do acordo da assemblea de socios, patronato ou claustro, e, no caso de que o solicitante sexa un concello ou entidade local, certificado do acordo do Pleno da Corporación, no que conste o interese público provincial da solicitude da subvención provincial. Neste acordo deberá facerse constar o importe da subvención solicitada e do coeficiente de financiación proposto. (...)")

Vista a necesidade de realizar a reforma das pistas deportivas na rúa de Paleo no concello de Carral que se financiarán con subvención nominativa da Exma. Deputación provincial da Coruña, propono ao Pleno deste Concello a adopción do seguinte acordo:

- 1.-Aprobar o proxecto técnico redactado polo Arquitecto Técnico D. Diego Manuel Rivas Rodríguez, colexiado 1810 COAT, para Reforma das Pistas Deportivas na rúa de Paleo, no Concello de Carral, por importe de 112.105,79 (Base impositiva: 92.649,41, IVE 19.456,38 Total:112.105,79 €), o cal cubrirá as necesidades deportivas e sociais a un crecente número de cidadáns da provincia (da contorna da Coruña) co que se deixa constancia do interese público provincial.
- 2.- Solicitar a subvención nominativa á Exma. Deputación Provincial por importe de 89.684,63 €, para a execución de dito proxecto.
- 3.-Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2021 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos por importe 22.421,16 €.
- 4.-Declarar que non se solicitou nin obtivo ningunha outra subvención para a mesma finalidade.
- 5.-Declarar que este concello non está incurso en ningunha das prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións e que cumpre coas condicións para obter a condición de beneficiario da axuda.
- 6.- Declarar que este Concello está ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa administración do estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación provincial da Coruña e coa Seguridade Social, autorizando á Excmá Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados
- 7.-Designar ao Sr. Alcalde Do. Francisco Javier Gestal Pose, par a sinatura do convenio.

Carral, na data de sinatura electrónica que figura á marxe

O ALCALDE

Francisco Javier Gestal Pose "

Sometido a votación, a comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno emite dictame favorable á proposta, en votación ordinaria, por maioría dos representantes presentes na sesión dos grupos municipais da Alternativa dos Veciños de Carral (AdV) e do PsdeG-PSOE



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

(que supoñen 8 votos, segundo o voto ponderado acordado ao constituir esta comisión informativa, mediante acordó plenario do 24 de xullo de 2019, en aplicación do establecido nos artigos 66.2 e 68.5 Lei 5/1997, de 22 de xuño, de Administración Local de Galicia: 5 AdV e 3 PsdeG-PSOE), abstense o representante do PP e Non asiste a concelleira non adscrita).

DEBATE

Intervén o Sr. Alcalde informando da Subvención nominativa da Deputación da Coruña para o financiamento das obras de reforma das pistas polideportivas en rúa Paleo. Manifesta, o Sr. Alcalde, que se trata dun proxecto de reforma de las pistas deportivas e consta da construción dun muro de contención, na parte norte das pistas, e na outra parte adecuaránse unhas pistas multideporte.

Concede, o Sr. Alcalde, a palabra á Sra. Duarte Gerpe quen manifesta que lle parece ben esta subvención

O Sr. Cetina Mochales refire que todas as obras que veñan para Carral están ben pero o PSdG-PSOE pensa que hai outras obras mais necesarias que adecuar unha pista multideporte. Asímesmo considera que a Concellería de Cultura e Deportes leva practicamente todo o orzamento do Concello e dende o grupo ao que representa cren que hai obras mais necesarias.

Intervén o Sr. Fernández Mouriño para manifestar que as obras son “amores” e hai outras importantes pero isa entenden que é boa aínda que haxa outras que tamén son necesarias. Ao mesmo tempo o Sr. Fernández Mouriño agradece á Deputación da Coruña que se faga un convenio co fin de acadar a subvención e felicita ao Sr. Alcalde por conseguilo para esta obra.

VOTACIÓN E ACORDOS

Sometida a votación a proposta, esta é aprobada polo Pleno do Concello de Carral, en votación ordinaria, por maioría dos/as señores/as concelleiros/as que asisten á sesión (votos a favor dos/as cinco señores/as concelleiros/as do grupo municipal da AdV de Carral, dos/as catro señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP presentes na sesión, e un voto da concelleira non adscrita, abstencións dos/as dous concelleiros do grupo municipal do PSdeG-PSOE). Á vista de todo o anterior adoptando os seguintes acordos:

1.-Aprobar o proxecto técnico redactado polo Arquitecto Técnico D. Diego Manuel Rivas Rodríguez, colexiado 1810 COAT, para Reforma das Pistas Deportivas na rúa de Paleo, no Concello de Carral, por importe de 112.105,79 (Base impositible: 92.649,41, IVE 19.456,38 Total:112.105,79 €), o cal cubrirá as necesidades deportivas e sociais a un crecente número de cidadáns da provincia (da contorna da Coruña) co que se deixa constancia do interese público provincial.

2.- Solicitar a subvención nominativa á Exma. Deputación Provincial por importe de 89.684,63 €, para a execución de dito proxecto.

3.-Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2021 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos por importe 22.421,16 €.

4.-Declarar que non se solicitou nin obtivo ningunha outra subvención para a mesma finalidade.

5.-Declarar que este concello non está incurso en ningunha das prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións e que cumpre coas condicións para obter a condición de beneficiario da axuda.

6.- Declarar que este Concello está ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa administración do estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación provincial da Coruña e coa Seguridade Social, autorizando á Excmá Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados

7.-Designar ao Sr. Alcalde Do. Francisco Javier Gestal Pose, par a sinatura do convenio.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

2.-Proposta da Alcaldía ao Pleno Aprobación definitiva do Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os incendios Forestais no Concello

No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno, do 29 de xuño de 2021, como segue:

“ASUNTO: PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DE CARRAL

Visto o informe dos servizos técnicos de medio ambiente en relación ao Plan Municipal de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais do Concello de Carral segundo o cal:

O Concello de Carral se adheriu con data 3 de xuño de 2019 ao Convenio de Colaboración subscrito entre a Xunta de Galicia, FEGAMP e SEAGA en materia de prevención de incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión de biomasa nas faixas secundarias.

Con data 19 de outubro de 2020, se remite, por parte da Dirección Xeral de Defensa do Monte da Consellería do Medio Rural o Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Carral elaborado por SEAGA no ano 2020.

Este Plan foi aprobado inicialmente polo Pleno do Concello de Carral en sesión celebrada o día 26 de novembro de 2020.

Posteriormente, o proxecto someteuse a información pública sen que se presentase alegacións ao respecto.

En sesión celebrada o 4 de febreiro de 2021 se acorda a aprobación inicial e a solicitude á Dirección Xeral de Defensa do Monte do preceptivo informe vinculante do devandito Plan.

Con data 8 de abril de 2021 rexistro de entrada nº 529 se recibe informe do Director Xeral de Defensa do Monte no que se indica que:

O Plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais do Concello de Carral cumpre cos requisitos esixidos polo que se informa favorablemente.

Resultando que o Plan Municipal de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais do Concello de Carral cumpre os requisitos esixidos e a tramitación hasta agora é conforme a lei, para seguir co procedemento establecido se propón ao Pleno do Concello de Carral a aprobación definitiva de dito plan.

Unha vez estea aprobado definitivamente, deberase comunicalo á Dirección Xeral de Defensa do Monte xunto ca documentación acreditativa da Resolución.

Propoño ao Pleno do Concello de Carral:

A aprobación definitiva do Plan Municipal de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais do Concello de Carral e a comunicación da resolución á Dirección Xeral de Defensa do Monte xunto ca documentación acreditativa.

Carral, na data da sinatura electrónica que figura ao marxe

O ALCALDE

Francisco Javier Gestal Pose”

Sometido a votación, a comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno emite dictame favorable á proposta, en votación ordinaria, por unanimidade dos representantes presentes na sesión dos grupos municipais da Alternativa dos Veciños de Carral (AdV) e do PSdeG-PSOE (que suponen 8 votos, segundo o voto ponderado acordado ao constituir esta comisión informativa, mediante acordó plenario do 24 de xullo de 2019, en aplicación do establecido nos artigos 66.2 e 68.5 Lei 5/1997, de 22 de xuño, de Administración Local de Galicia: 5 AdV e 3 PsdeG-PSOE) abstense o representante do PP e Non asiste a concelleira non adscrita).



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

DEBATE

O Sr. Alcalde informa de que este é un proxecto que o Concello de Carral pediu o 3 de xuño de 2019 un convenio de colaboración suscrito entre Xunta de Galicia, FEGAMP, Seaga. Este plan foi aprobado inicialmente no Pleno de Concello de Carral, en sesión celebrada o 26 de novembro de 2020 e agora hai que proceder á aprobación definitiva deste plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Carral.

O Sr. Alcalde concede a palabra á Sra. Duarte Gerpe quen manifesta que está dacordo coa proposta.

Manifesta o Sr. Cetina Mochales que o partido ao que representa leva tempo pelexando porque esta aprobación vaia para adiante.

O Sr. Fernández Mouriño intervén para manifestar que esta proposta xa se iniciara hai moitos anos e agora o que corresponde é cumprir con este plan que se aproba definitivamente. O Sr. Fernández Mouriño manifesta que isto lle ven ben ao concello e que a partires de agora os veciños teñen que ter en perfectas condicións os seus predios e o Concello debe esixir aos veciños que os teñan limpos.

VOTACIÓN E ACORDOS

Sometida a votación a proposta, esta é aprobada polo Pleno do Concello de Carral, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as señores/as concelleiros/as que asisten á sesión (votos a favor dos/as cinco señores/as concelleiros/as do grupo municipal da AdV de Carral, dos/as catro señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP presentes na sesión, dos/as dous concelleiros do grupo municipal do PSdeG-PSOE) e un voto da concelleira non adscrita. Á vista de todo o anterior adoptando os seguintes acordos:

A aprobación definitiva do Plan Municipal de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais do Concello de Carral e a comunicación da resolución á Dirección Xeral de Defensa do Monte xunto ca documentación acreditativa.

3.- Dictame sobre proposta da Alcaldía ao Pleno da denominación da “Senda Peonil e ciclista na N-550 entre Taebaio a Carral”

No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno, do 29 de xuño de 2021, como segue:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO

Asunto: Denominación da “Senda Peonil e ciclista na N-550 entre Tabeaio e Carral”.

Logo de ver a proposta realizada o 22de xuño de 2021 polo señor alcalde, D. Francisco Javier Gestal Pose, así coma o informe emitido e asinado dixitalmente nesa mesma data polo técnico de deportes do Concello de Carral, D. Carlos Alberto Fragoso Parga, e en atención ás circunstancias que neste se explican e que se transcriben literalmente:

“ Carlos Alberto Fragoso Parga en calidade de técnico deportivo do Concello de Carral:

Emítese o seguinte informe en relación á proposta de establecer unha denominación para a senda peonil que une as poboacións de Carral e Tabeaio pola marxe da N-550, e como documento de asesoramento para a Corporación Municipal,



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Antecedentes:

Recentemente rematáronse as obras da senda peonil entre os núcleos de Tabeaio e Carral, que transita pola marxe dereita da N550. Esta obra permitirá a circulación dun xeito seguro, tanto a pé como en bicicleta, da veciñanza de ambas poboacións. Chegado o momento de establecer unha denominación deste novo equipamento, xurde o nome de MARTÍN CORTÉS CACHEIRO, veciño da parroquia de Tabeaio, falecido en outubro do ano 2018.

Martín foi unha persoa moi querida e implicada na vida social da súa parroquia. Xa no ano 1998, ao non existir ningunha instalación de titularidade municipal nin deportiva nin cultural en Tabeaio, acordou con este Concello a cesión dos terreos con referencia catastral 2089545NH5828N0000QT na que o Concello construíu a actual PISTA POLIDEPORTIVA que supuxo un gran impulso no fomento da actividade física e o deporte da poboación de Tabeaio, e polo tanto unha mellora na calidade de vida e servizos.

Na mesma operación acordouse tamén a cesión dos terreos anexos e con referencia catastral 2089530NH5828N0001OY á entidade cultural Xente Nova, para a construción dun gran LOCAL SOCIAL que, aínda a día de hoxe, presta un gran servizo a toda a veciñanza, tanto de Tabeaio como do resto da localidade carralesa, así como ao propio Concello de Carral.

Por todo elo informo que,

Estas actuacións, entre outras moitas, contribuíron á mellora da calidade de vida e os servizos para a veciñanza de todo o Concello de Carral, e en especial para os veciños e veciñas da parroquia de Tabeaio. É por elo que, atendendo ao sentir dos seus veciños e familiares e non existindo unha normativa municipal que regule este procedemento, dende este departamento técnico emítese este informe como documento de asesoramento e a modo de xustificación razoada para a proposta de denominación como: "SENDA PEONIL MARTÍN CORTÉS CACHEIRO"

E para que conste a tódolos efectos, asino o presente informe en Carral na data da sinatura dixital "

En uso das atribucións que me confere o artigo 21.1 a), c) e d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL en adiante), e 80 e 82 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, previo ditame da comisión informativa correspondente, **PROPOÑO AO PLENO DO CONCELLO** que adopte os seguintes

ACORDOS

- 1.- Denominar á Senda Peonil e ciclista na N-550 entre Taebaio e Carral co nome de "Martín Cortés Cacheiro"
- 2.- Facultar ao señor Alcalde para a realización das actuacións necesarias para a execución de tal denominación.
- 3.- Publicar estes acordos no taboleiro de edictos do Concello e na súa páxina web.
Carral, na data que figura ao marxe

O Alcalde

Francisco Jaiver Gestal Pose"



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Sometido a votación, a comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno emite dictame favorable á proposta, en votación ordinaria, por unanimidade dos representantes presentes na sesión dos grupos municipais da Alternativa dos Veciños de Carral (AdV) e do PSdeG-PSOE (que suponen 8 votos, segundo o voto ponderado acordado ao constituir esta comisión informativa, mediante acordó plenario do 24 de xullo de 2019, en aplicación do establecido nos artigos 66.2 e 68.5 Lei 5/1997, de 22 de xuño, de Administración Local de Galicia: 5 AdV e 3 PsdeG-PSOE) abstense o representante do PP e Non asiste a concelleira non adscrita).

DEBATE

O Sr. Alcalde informa de que se propón dende a Alcaldía ao pleno a denominación senda peonil -ciclista en la N-550 entre Tabeaio-Carral, co nome de “Martín Cortés Cacheiro” xa que foi veciño da parroquia de Carral, falecido en outubro de 2018, e foi unha persoa que estivo moi implicada coa parroquia de Tabeaio.

O Sr. Alcalde concede a palabra á Sra. Duarte Gerpe

Intervén a Sra. Duarte Gerpe para manifestar que lle parece unha moi boa idea xa que para ella D. Martín Cortés Cacheiro, manifesta que foi un veciño exemplar e para ela, persoalmente, foi unha persoa moi querida, recalca que lle parece unha idea boísima. Agradece esta idea.

O Sr. Cetina Mochales manifesta que se suscriben á idea.

O Sr. Fernández Mouriño manifesta que ademais de amigo del parécelle moi ben un detalle coma este, porque D. Martín Cortés atendeu ás necesidades dos veciños da parroquia de Tabeaio e do Concello desinteresadamente. Matiza o Sr. Fernández Mouriño que o nome da Senda está ben pero recorda o Sr. Fernández Mouriño hai que cumprir o Convenio urbanístico que hai suscrito con Martín Cortés e este Concello.

VOTACIÓN E ACORDOS

Sometida a votación a proposta, esta é aprobada polo Pleno do Concello de Carral, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as señores/as concelleiros/as que asisten á sesión (votos a favor dos/as cinco señores/as concelleiros/as do grupo municipal da AdV de Carral, dos/as catro señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP presentes na sesión, dos/as dous concelleiros do grupo municipal do PSdeG-PSOE) e un voto da concelleira non adscrita. Á vista de todo o anterior adoptando os seguintes acordos:

- 1.- Denominar á Senda Peonil e ciclista na N-550 entre Taebaio e Carral co nome de “Martín Cortés Cacheiro”*
- 2.- Facultar ao señor Alcalde para a realización das actuacións necesarias para a execución de tal denominación.*
- 3.- Publicar estes acordos no taboleiro de edictos do Concello e na súa páxina web.*

Ás 10:12 horas, o Sr Alcalde remata a sesión, da que estendo a presente acta que asina o Señor Alcalde, do que, como Secretaria accidental do Concello, dou fe.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

O ALCALDE

A SECRETARIA ACCIDENTAL DO CONCELLO

Francisco Javier Gestal Pose

Sonia Campos Ares